

ORIENTACIÓNS PARA A AVALIACIÓN INICIAL CICLOS FORMACIÓN PROFESIONAL

1. CONCEPTO:

- Instrumento básico para a detección de alumnado con necesidades de apoio e/ou reforzo, xa sexa por atraso académico, dificultades de aprendizaxe o outro tipo de condicións.
- Contribúe ó coñecemento do alumnado por todo o profesorado que lle imparte docencia, e posibilita a toma de decisións para a adaptación da programación de aula e para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade.
- Consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico anterior do alumnado, así como a avaliación dos coñecementos previos.

2. OBXECTIVOS:

1. Coñecer ó alumnado de cada grupo e os seus niveis curriculares de partida.
2. Coñecer as características do grupo e a súa dinámica interna, para procurar unha mellora das relacións e as aprendizaxes.
3. Poñer en común e tomar decisións respecto do alumnado que manifieste dificultades de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.
4. Informar ao profesorado de cada grupo das características e necesidades dos alumnos así como das medidas de atención á diversidade que poden precisar.

3. DESTINATARIOS:

Todos os cursos de FP.

4. TEMPORALIZACIÓN:

Realízase ao inicio de curso, e deberá estar rematada antes do remate do mes de Outubro.

5. FUNCÍONS DOS RESPONSABLES DA AVALIACIÓN INICIAL:

- **XEFATURA DE ESTUDOS:** Coordinar todo o proceso e velar polo cumprimento das funcións de todos os responsables da avaliación.
- **TITOR/A:** Recoller información relevante posible, da historia escolar do alumno/a, do expediente académico, das enquisas titoriais de comezos de curso, da información aportada polos profesorado, e da información aportada polo Departamento de Orientación. Coordinar a sesión de avaliación inicial, cumprimentar a acta.
- **PROFESORES/AS:** Avaliar o nivel dos coñecementos previos básicos, habilidades e competencias instrumentais básicas, dos alumnos no seu módulo mediante os procedementos e probas que nos Departamentos Didácticos se estimen oportunos.
- **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:** Aportar a información psicopedagóxica da que dispoña e propoñer medidas de atención á diversidade.

6. RECOMENDACIÓNS:

Aínda que todos os docentes adoitan realizar habitualmente algún tipo de proba inicial, expoñemos algunhas ideas básicas que deben terse en conta para que esas probas sexan eficaces:

1. Debe tomar como base as competencias, coñecementos e habilidades básicas e instrumentais, cuxa adquisición se considere fundamental para asentar sobre elas aprendizaxes posteriores (é dicir, avaliar coñecementos e habilidades previas de carácter instrumental).
2. Debe facilitar unha aproximación ao nivel de competencia curricular do alumno/a e axudar a poñer en evidencia o dominio ou as carencias no módulo obxecto de avaliación. É preferible unha proba máis completa que abarque as cuestións que consideremos importantes, antes que unha proba moi breve que apenas nos achega información.
3. Debido a que, nalgunha medida, pretende coñecer as competencias, aquilo que o alumnado coñece e "sabe facer" (e non só o que "lembra"), convén expoñer a proba con "publicidade", (isto é, con tempo suficiente, indicando a súa estrutura e contido, as actividades "tipo" que poden incluírse nela.), e realizala tras un breve período de repaso de aspectos básicos, polo menos durante tres ou catro sesións.

Non é obrigatorio facer unha proba inicial, a avaliación do alumnado pode facerse mediante observación da práctica e interacción nos primeiros días de curso. Neste caso é conveniente dar oportunidades ó alumnado para poñer en práctica, nos primeiros días de curso, esas habilidades e competencias instrumentais básicas. Neste caso é recomendable facer un rexistro de observación e tomar apuntamentos do observado de forma organizada.

7. PROCEDEMENTO A SEGUIR NAS XUNTAS DE AVALIACIÓN:

7.1. ANTES DA REUNIÓN DA XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL:

- **Cada profesor** recolle a información relevante do seu módulo mediante a observación/probas, ..., na aula nas primeiras semanas de clase, e a **aporta oralmente á xunta de avaliación** toda aquela información que estime oportuna, por exemplo:

- Dificultades que observa na materia ou módulo.
- Nivel de coñecementos previos necesarios para cursar con éxito o módulo.
- Actitude, motivación, disposición do alumno/a hacia a materia ou módulo.
- Concentración, participación, iniciativa, comunicación, seguimento das instrucións do profesorado.
- Aspectos do comportamento, integración no grupo, relación cos compañeiros,
- Outros: Asistencia a clase, puntualidade, ...

- **O titor/a** recolle/investiga a información relevante do alumno/a, a través da enquisa inicial, XADE, informes de orientación se os hai, observación na aula, primeiros contactos coas familias, entrevistas persoais se procede con determinados alumnos/as, ...

- **A orientadora** revisa a información psicopedagóxica que dispoña e proporciónalle ao titor e á xunta de avaliación as informacións relevantes obtidas.

7.2. DURANTE A REUNIÓN DA XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL:

1º Informe do titor/a sobre as características e dinámicas do grupo.

2º Informe do titor/a e profesorado sobre cada alumno/a considerado individualmente.

3º Cumprimentación polo titor/a da acta da sesión según modelo adxunto.

EXEMPLOS DE MEDIDAS QUE SE PODEN DECIDIR NA REUNIÓN:

EXEMPLO DE MEDIDAS GRUPAIS:

- ▶ Realizar recomendacións sobre Normas de Convivencia: puntualidade, respecto aos compañeiros,...
- ▶ Cambios na distribución espacial do alumnado.
- ▶ Adecuacións da programación: contidos mínimos, temporalización, actividades, metodoloxía de avaliación,

EXEMPLO DE MEDIDAS INDIVIDUAIS:

- ▶ Titoría individualizada co alumno/a.
- ▶ Reunión co pai/nai/titor legal do alumno/a.
- ▶ Cambio de ubicación na aula-taller.
- ▶ Derivacións: Servizos Sociais, Saúde Mental, asociacións
- ▶ Medidas de Atención á Diversidade:
 - a. Reforzo educativo a cargo do profesor/a do módulo.
 - b. Protocolos TDAH, Altas capacidades, Dislexia, TEA,
 - c. Flexibilización modular (prazo ata o 30 de outubro). .
 - d. Medidas de acceso ao currículo (só no caso de discapacidade motórica, sensorial, ... recoñecida).

Setembro 2021

Asd. Mónica Diz Besada
Orientadora IES A Sardiñeira